



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas



Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

CARME FREIRE CRUCES, con D.I. 33.276.047-S, e con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Ofelia Nieto 13-23 15.705 - Santiago de Compostela, actuando en nome e representación do SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS, en calidade de Secretaria Xeral do mesmo, perante esta Consellería comparezo, e **MANIFESTO**

Que tendo coñecemento do PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE NATURA 2000, o SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS (SLG-CC.LL.), formula respecto do mesmo as seguintes

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Dende o Sindicato Labrego Galego estamos a favor de que existan espazos naturais protexidos, dado que son unha das expresións xenuínas da nosa cultura e da nosa identidade como pobo. A conservación destes espazos debeuse, en grande medida, á labor dos homes e mulleres que traballaron no medio rural galego e viviron, durante séculos, das diversas actividades agrogandeiras en perfecto equilibrio e simbiose co seu entorno. É evidente que a conservación do medio natural na Galiza non se pode entender sen as diversas actividades agrarias e forestais que se desenvolven nel, orientadas a producir alimentos, e que tiveron e teñen un papel fundamental na xestión paisaxística, medioambiental e dos recursos naturais. Precisamente, dende o Sindicato Labrego non entendemos a conservación e xestión do territorio e dos espazos



naturais sen a participación necesaria e decisiva dos labregos e labregas que traballan nel producindo alimentos.

Nos últimos tempos, diversas administracións tentan garantir a conservación de determinados espazos naturais a través da Rede Natura que, por desgraza, só contempla a mera conservación do medio natural sen ter en conta os intereses e necesidades do medio humano que viviu durante séculos ligado a ese territorio que agora se pretende protexer con normativas, xestionándoo e conservándoo tal e como hoxe o coñecemos grazas á súa actividade.

Ao non ter en conta a produción de alimentos e outras actividades que estiveron, dende sempre, ligadas aos territorios incluídos na Rede Natura, e non desenvolver o regulamento lexislativo, esta normativa está eivada por un baleiro legal que deixa ás actividades agrarias e forestais sometidas ao arbitrio e interpretación dos diversos axentes con potestade para autorizar ou denegar permisos nos eidos baixo protección. Deste xeito, estanse dando numerosos casos nos que actividades agrícolas, gandeiras e forestais que se permiten nun lugar protexido, noutro están prohibidas. Sirvan como exemplo xigantescas estruturas de formigón para parques eólicos que se autorizaron nun espazo da Rede Natura, ao tempo que se prohibía a construción dunhas cortes de madeira para gocecer o gando criado nese mesmo monte.

Este baleiro legal que ten a normativa da Rede Natura pode converterse nun atranco para o desenvolvemento da actividade labrega e, por extensión, nun atranco para os obxectivos de conservación do medio natural para a que foi deseñada a propia Rede, pois sen labregos e labregas que xestionen co seu traballo o territorio, a través de actividades forestais e agrarias sostibles, este ficará abandonado.

Por todo o devandito, realízanse as seguintes:

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1. Non ampliar a Rede Natura ata que:



1. Se garantan as prácticas tradicionais para a produción de alimentos coma elemento de conservación destes espazos.
2. Se desenvolvan os plans de ordenación e xestión (Plans de ordenación dos recursos naturais, Plans reitores de uso e xestión e Plans de conservación) que regulen usos, prácticas e obrigas nos distintos espazos protexidos da Galiza. Dando cumprimento ao estipulado na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza e demais normativa que sexa de aplicación. En todo caso, deberá garantirse a participación cidadá activa, en especial das persoas e colectivos produtores de alimentos e titulares de montes dentro dos espazos protexidos.
3. Se aplique un marco normativo claro e coherente que non sexa máis restrictivo polas diferentes interpretacións que poidan facer do mesmo os/as funcionarios/as adscritos/as de cada zona.

Por todo o exposto:

SOLICITO, que se teñan por presentadas estas achegas ao Proxecto de Ampliación da Rede Natura 2000, para que sexan tomadas en consideración.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente en Compostela, a 31 de Xaneiro de 2012.



Asdo: Carme Freire Cruces
Secretaria Xeral do SLG-CC.LL.